


**Realiza estas actividades:**

1.- **a)** Que porcentaxe de enerxía non renovable se consume en España segundo a gráfica seguinte; **b)** Indica catro tipos de enerxías renovables que se consumen actualmente en España; **c)** Sinala dúas vantaxes e dous inconvenientes de dous tipos de enerxías convencionais; **c)** Sinala dúas vantaxes e dous inconvenientes de dous tipos de enerxías alternativas.



2. **a)** Indica os principais impactos derivados das actividades mineiras; **b)** Indica os principais recursos mineiros e enerxéticos de Galicia; **c)** Cales son as formas de produción de enerxía máis importantes de Galicia.

3.- **a)** Indica tres razóns polas que a auga se considera un recurso limitado; **b)** Sinala dúas medidas por sectores para mellorar a xestión da auga; **c)** Diferenza entre usos consuntivos e non consuntivos da auga.

**4.- Verdadeiro ou Falso:**

- a)** As enerxías alternativas son todas renovables
- b)** A enerxía hidráulica é renovable e de uso actual estendido
- c)** A enerxía eólica non produce impactos ambientais
- d)** A enerxía solar fotovoltaica transforma luz en electricidade
- e)** A electricidade é unha fonte primaria de enerxía
- f)** A enerxía nuclear de fisión utiliza minerais de uranio
- g)** Os biocombustibles son un tipo de enerxía renovable e limpa
- h)** As desaladoras utilizan o proceso de ósmose inversa
- i)** O lignito é o tipo de carbón que produce menos contaminación
- j)** A enerxía nuclear produce o incremento do efecto invernadoiro
- k)** Cuarzo, caolín, granito e lousa son recursos minerais presentes en Galicia
- l)** O gas natural non produce efecto invernadoiro
- m)** Carbón e petróleo son enerxías de baixa calidade
- n)** Petróleo, carbón e gas son combustibles de orixe orgánico
- o)** Galicia é a primeira produtora de enerxía térmica de España

### Solucións:

**1.- a)** Sumamos as porcentaxes dos combustibles fósiles (carbón, petróleo e gas) e da enerxía nuclear:  $10 + 43 + 20 + 12 = 85 \%$

**b)** Hidráulica, biomasa, eólica e solar.

**c)** Son enerxías convencionais as de uso estendido na actualidade como os combustibles fósiles, a nuclear de fisión (non renovables) e a hidráulica, renovable. Podemos elixir varias opcións, por exemplo petróleo e nuclear.

Vantaxes:

Petróleo	Enerxía de boa calidade	Outros usos (plásticos, asfalto)
Nuclear (fisión)	Alto poder enerxético	Non produce efecto invernadoiro

Inconvenientes:

Petróleo	Produce efecto invernadoiro	Risco de mareas negras
Nuclear (fisión)	Risco de emitir radiación con poder mutaxénico	Almacenamento de residuos activos durante moito tempo

**d)** Varias opcións, por exemplo solar e eólica.

Vantaxes:

Solar	Renovable	Limpa (non emite gases e non produce residuos)
Eólica	Renovable	Limpa (non emite gases e non produce residuos)

Inconvenientes:

Solar	Fonte irregular e dispersa	Difícil de almacenar
Eólica	Fonte irregular e dispersa	Danos na fauna (aves sobre todo)

**2.- a)** Son:

- alteracións do relevo, impactos visuais e paisaxísticos
- edáficos (sobre o solo) e ecolóxicos, sobre a flora e fauna principalmente
- hidrolóxicos (contaminación das augas superficiais e subterráneas)
- atmosféricos (emisións gases contaminantes, nubes de po) e acústicos
- sociais: accidentes e enfermidades profesionais (silicose), maiores na minaría subterránea, pouco frecuente en Galicia. Impide outros usos.

**b)** Destacamos: Minería metálica (de ferro, wolframio e estaño) / Minería non metálica (cuarzo, caolín, e rochas como granito e lousa).

Entre os recursos enerxéticos destacamos o lignito, un tipo de carbón esgotado, e o aproveitamento da enerxía de enerxías renovables, sobre todo auga dos ríos e vento.

**c)** Enerxía térmica, a partir de combustibles fósiles, hidráulica e eólica.

**3.- a)** Xestión ineficaz porque produce desperdicio de auga en diversos sectores, contamina os recursos hídricos e non se depura nin reutiliza o suficiente.

**b)** No sector agrícola o mellor é cultivar de acordo ao clima e mellorar as técnicas de rego para evitar perdas. Na industria utilizar procesos de baixo consumo e eliminar os vertidos, e no sector urbano concienciar á poboación para que aforre auga no fogar e non construír instalacións de alta demanda en zonas áridas.

**c)** O uso consuntivo extrae auga do medio natural e se perde cantidade e /ou calidade tras o seu uso (agrícola, industrial, urbano), mentres que o uso consuntivo non extrae auga e non se reduce a súa cantidade e calidade tras o uso (enerxético, ecolóxico e recreativo ou transporte).

**4.-**

<b>a</b>	<b>b</b>	<b>c</b>	<b>d</b>	<b>e</b>	<b>f</b>	<b>g</b>	<b>h</b>	<b>i</b>	<b>j</b>	<b>k</b>	<b>l</b>	<b>m</b>	<b>n</b>	<b>o</b>
<b>V</b>	<b>V</b>	<b>F</b>	<b>V</b>	<b>F</b>	<b>V</b>	<b>F</b>	<b>V</b>	<b>F</b>	<b>F</b>	<b>V</b>	<b>F</b>	<b>F</b>	<b>V</b>	<b>V</b>